**Convenio colectivo de traballo para a empresa Transportes Auto Galicia, S.L. (Anos 2001-2002)**[1]

Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.
O presente convenio regula as relacións laborais da empresa Transportes Auto Galicia, S.L. e afecta a todo o persoal pertencente ó cadro, así como ós traballadores que ingresen durante a súa vixencia.

Artigo 2º.-Vixencia e duración.
O presente convenio entrará en vigor o día da súa publicación no BOP, se ben os seus efectos económicos se retrotraerán ó 1 de abril de 2000. Terá unha duración de dous anos e entenderase prorrogado de ano en ano, agás denuncia de calquera das partes con tres meses de antelación, polo menos, á data do seu remate. A dita denuncia deberá facerse por escrito dirixido á outra parte afectada polo convenio.
Sen prexuízo do anterior, os salarios pactados aplicaranse con vixencia dun ano, e os seus efectos rematarán o 31 de marzo de 2002.

Artigo 3º.-Ámbito persoal.
As presentes normas obrigan á totalidade do persoal contratado pola empresa, tanto se realizan función técnica como manual, exceptuando unicamente aquelas persoas ás que alude o artigo 2º do Estatuto dos traballadores.

Artigo 4º.-Compensación de melloras.
As condicións pactadas son compensables na súa totalidade coas que xa viñeran rexendo por mellora voluntaria concedida pola empresa.

Artigo 5º.-Absorción.
As melloras que por disposición legal ou regulamentaria poidan establecerse no futuro serán absorbibles polos aumentos acordados no presente convenio, sempre e cando superen os beneficios que se concedan no seu conxunto.

Artigo 6º.-Situacións persoais.
Respectaranse as situacións persoais que con carácter de cómputo anual excedan destas normas estrictamente ad personam.
Como as melloras económicas que se implantan en virtude deste convenio, teñen o carácter de mínimas no seu conxunto, subsistirán os pactos, cláusulas e situacións de feito establecidas por costume xeral ou de lugar, implantadas pola empresa, que significaran condicións máis beneficiosas para os traballadores.

Artigo 7º.-Soldos e salarios.
O persoal afectado por este convenio, segundo as categorías, deberá rexerse, para cada un dos anos de vixencia do convenio, polas táboas salariais anexas, a táboa anexa I para o período 1-4-2000 ó 31-3-2001, e a táboa anexa II para o período do 1-4-2001 ó 31-3-2002.

Artigo 8º.-Gratificacións extraordinarias.
As gratificacións extraordinarias do ano aboaranse na contía de trinta días e serán calculadas sobre a táboa salarial que corresponda, maila antigüidade, se é o caso. Denominaranse 25 de xullo, Nadal e beneficios e faranse efectivas antes do 22 de xullo, 22 de decembro e 15 de marzo, respectivamente.

Artigo 9º.-Vacacións.

[1] Publicado no DOG núm. 206, do 24 de outubro de 2001.

O período anual de vacacións será de trinta días naturais. A data do seu desfrute fixarase de común acordo entre o empresario e o traballador, que tamén poderán convi-la división en varios períodos.

Artigo 10º.-Antigüidade.
A promoción económica en función do traballo desenvolvido, que se devengará desde o día 1 do mes natural seguinte ó seu vencemento, queda fixada nun 5% do salario base ós cinco anos, un 10% ós dez anos, un 15% ós quince anos e un 20% ós vinte ou máis anos de servicios computables.
Ós traballadores que viñesen percibindo importes polo concepto de antigüidade, calquera que fose a súa denominación, en contía superior á que resulte do novo sistema establecido no parágrafo anterior, respectaráselles a título persoal, mentres lles resulte máis favorable, o dereito a cobra-la cantidade que viñesen percibindo por tal concepto o 31 de decembro de 1997. Ós que nesa data estean en curso de adquisición dun novo tramo temporal recoñeceráselle-lo dereito a cobrar, a título persoal, a cantidade que terían devengado ó consolidalo, calculada de acordo cos salarios vixentes en tal momento.

Artigo 11º.-Axudas de custo.
O persoal que saia da súa residencia por causas do servicio terá dereito a percibir unha indemnización polos gastos que se lle orixinen, que recibirá o nome de axudas de custo.
No caso de que non se traslade en vehículo da empresa, terá dereito a que se lle aboe o importe do billete en segunda clase, con dereito a liteira, se a viaxe fose nocturna.
O importe das axudas de custo para o primeiro ano de vixencia será o que a seguir se expón:
1. Galicia: 4.714 pesetas a axuda de custo completa, repartidas en 1.285 pesetas o xantar, 1.285 pesetas a cea e 2.144 pesetas a pernoctación.
2. Territorio nacional e Portugal: 5.651 pesetas a axuda de custo completa, repartidas en 1.542 pesetas a comida, 1.542 pesetas a cea e 2.567 a pernoctación.
3. Restantes países europeos: 10.365 pesetas a axuda de custo completa, repartidas en 2.825 pesetas o xantar, 2.825 pesetas a cea e 4.715 pesetas a pernoctación.
A empresa terá a facultade de asumi-lo pagamento de aloxamento e comida do traballador en substitución de axudas de custo.
Nos casos de destacamento, as axudas de custo establecidas no presente artigo sufrirán unha reducción do 33 por 100, sen prexuízo da facultade que o precedente parágrafo lle recoñece á empresa.
Devengarán axudas de custo enteiras os que saian da súa residencia antes das doce horas e regresen despois das cero horas.
Percibirase a parte de axuda de custo correspondente ó xantar, sempre que o traballador saia da súa residencia antes das doce horas e regrese despois das catorce horas.
Cobraranse axudas de custo para a cea, cando a saída se efectúe antes das vinte horas e a chegada sexa despois das vintedúas horas.
A pernoctación corresponde ós que cheguen á residencia despois das cero horas.
Para o segundo ano de vixencia do convenio, o importe polo concepto das axudas de custo será o seguinte:
1. Galicia: 4.855 pesetas a axuda de custo completa, repartidas en 1.324 pesetas o xantar, 1.324 pesetas a cea, e 2.207 pesetas a pernoctación.
2. Territorio nacional e Portugal: 5.820 pesetas a axuda de custo completa, repartidas en 1.588 pesetas a comida, 1.588 pesetas a cea e 2.644 pesetas a pernoctación.
3. Restantes países europeos: 10.676 pesetas a axuda de custo completa, repartidas en 2.910 pesetas o xantar, 2.910 pesetas a cea e 4.856 pesetas a pernoctación.

Artigo 12º.-Xornada de traballo.
A xornada semanal ordinaria de traballo será de 40 horas efectivas para todo o persoal, de acordo co Estatuto dos traballadores. A xornada anual ordinaria será de 1.826 horas e 27 minutos de traballo efectivo. Cando a súa distribución no nivel de empresa supoña a superación das 40 horas semanais, o control e o cómputo da xornada verificarase trimestralmente en termos

de media. Cando por razóns obxectivas sexa necesario, as partes negociarán outros sistemas de cómputo e control; respectarase en todo caso o tempo máximo de xornada ordinaria anual mencionada anteriormente.
Para efectos de xornada, será de aplicación o disposto no Real decreto 1561/1995, do 8 de novembro, e demais normas específicas para o sector de transportes.

Artigo 13º.-Traballo en domingos e festivos.
Os domingos e festivos que por necesidades do servicio sexan traballados, ou ben se dará o descanso outro día da semana anterior ou posterior, ou serán aboados co incremento que sinale a lexislación laboral vixente.

Artigo 14º.-Licencias e permisos.
O traballador, logo de aviso e xustificación, poderá ausentarse do traballo con dereito a remuneración, por algún dos motivos e polo tempo seguinte:
a) Quince días naturais en caso de matrimonio.
b) Dous días nos casos de nacemento de fillos ou enfermidade grave ou falecemento de parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Cando, con tal motivo, o traballador necesite facer un desprazamento para o efecto, o prazo será de catro días.
c) Un día por traslado do domicilio habitual.
d) Polo tempo indispensable, para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal. Cando conste nunha norma legal ou convencional un período determinado, observarase o que esta dispoña en canto á duración da ausencia e á súa compensación económica.
Cando o cumprimento do deber antes referido supoña a imposibilidade da prestación do traballo debido en máis do 20 por 100 das horas laborables, nun período de tres meses, a empresa poderá pasa-lo traballado afectado á situación de excedencia regulada no punto 1º do artigo 46 do Estatuto dos traballadores. No suposto de que o traballador por cumprimento do deber ou desempeño do cargo perciba unha indemnización, descontarase o importe desta do salario a que teña dereito na empresa.
e) Para realizar funcións sindicais ou de representación do persoal nos termos establecidos legal ou convencionalmente.

Artigo 15º.-Cesamentos.
Todo empregado terá dereito a rescindi-lo seu contrato de traballo, sen estar obrigado a alega-las causas da súa determinación.
Para iso, o persoal comunicaralle á dirección da empresa, a data do seu cesamento cunha antelación mínima de quince días, excepto para o persoal non cualificado, para o cal o aviso será de oito días.
Cando un traballador pretenda a rescisión do contrato, deberá seguir prestando os seus servicios mentres non transcorran os prazos sinalados no presente artigo.
O abandono do posto de traballo sen que transcorresen os prazos sinalados, será penalizado cunha sanción económica equivalente ó salario base dos días que falten desde o abandono do servicio ata a data en que, cumprido o trámite de aviso, lle correspondese o cesamento.

Artigo 16º.-Excedencias.
Aplicarase o establecido no Estatuto dos traballadores

Artigo 17º.-Uniformes.
A empresa e o traballador cumprirán canto se refire ós uniformes, de acordo co que determina a vixente normativa laboral para as empresas de transportes por estrada.

Artigo 18º.-Seguro de accidente laboral.
A empresa contratará totalmente ó seu cargo, un seguro colectivo a favor dos seus traballadores, de 2.800.000 pesetas por cada un, de forma que en caso de falecemento por accidente laboral ó servicio da empresa, a citada cantidade sexa cobrada polos seus herdeiros legais.
Este seguro non constitúe unha substitución das obrigas da empresa en materia de Seguridade

Social, senón un complemento dela.
Con efectos do 1 de agosto de 2001, a empresa contratará un seguro colectivo a favor dos seus traballadores, por un capital asegurado de 3.500.000 pesetas, que cubra o risco de falecemento ou invalidez permanente derivada de accidente laboral ó servicio da empresa.

Artigo 19º.-Accidente de traballo e enfermidade.
Axustarase ó establecido na lexislación laboral, no Estatuto dos traballadores e nas demais disposicións vixentes.

Artigo 20º.-Servicio militar.
O persoal que se incorpore ó servicio militar terá reservado o posto de traballo que viña desempeñando, e computaralle o dito período para a antigüidade na empresa. Para iso deixará constancia por escrito da súa intención de volver á empresa unha vez rematado aquel e deberá incorporarse a ela no prazo máximo de 30 días naturais a partir do remate do servicio militar.

Artigo 21º.-Pagamento de multas.
As multas por infracción de tráfico imputables á culpa ou neglixencia do traballador serán aboadas por este; en caso contrario serán aboadas pola empresa.
Artigo 22º.-Lexislación subsidiaria.
En todo o non expresamente previsto neste convenio observarase o disposto na normativa vixente para as empresas de transportes por estrada e demais disposicións vixentes.

Artigo 23º.-Comisión paritaria.
Para a interpretación das cláusulas deste convenio, a comisión paritaria estará formada por dous representantes da empresa e dous representantes dos traballadores, de entre os que tomaron parte na comisión negociadora.

Artigo 24º.-Partes asinantes.
Son partes asinantes do presente convenio o xerente da empresa, o delegado de persoal e os traballadores do cadro de persoal que figuren na acta.

Vigo, 20 de xullo de 2001.

________________________

**ANEXO I**

**Táboa de salarios**

(Vixencia 1-4-2001 ó 31-3-2002)

| | **Pesetas** |
|---|---|
| Grupo I. Persoal superior e técnicos | |
| *Subgrupo A | |
| Xefe de servicio | 160.148 mes |
| Inspector principal | 140.128 mes |
| *Subgrupo B | |
| Enxeñeiros e licenciados | 147.012 mes |
| Enxeñeiros técnicos e aux. titulados | 112.603 mes |
| Axudantes técnicos sanitarios | 102.601 mes |
| Grupo II. Persoal administrativo | |
| Xefe de sección | 116.775 mes |

| | |
|---|---|
| Xefe de negociado | 108.435 mes |
| Inspector-visitador | 104.346 mes |
| Oficial de primeira | 102.556 mes |
| Oficial de segunda | 94.005 mes |
| Auxiliar administrativo | 87.478 mes |
| Aspirantes de 16 e 17 anos | Salario segundo idade |
| *Sección 2ª. Persoal de axencias de transporte | |
| Encargado xeral | 120.952 mes |
| Encargado de almacén | 115.385 mes |
| Capataz | 109.826 mes |
| Auxiliar de almacén e basculeiro | 92.812 mes |
| Mozo especializado | 3.377 día |
| Mozo carga, descarga e reparto | 3.164 día |
| *Subgrupo B. Transporte de mercadorías | |
| Xefe de tráfico de primeira | 120.952 mes |
| Xefe de tráfico de segunda | 115.385 mes |
| Xefe de tráfico de terceira | 109.826 mes |
| Conductor-mecánico | 3.619 día |
| Conductor | 3.492 día |
| Conductor de motocicletas e furgonetas | 3.377 día |
| Axudante | 3.282 día |
| Mozo especializado | 3.270 día |
| Mozo de carga, descarga e reparto | 3.163 día |
| Grupo V. Persoal subalterno | |
| Cobrador de facturas | 87.990 mes |
| Telefonista | 87.900 mes |
| Porteiro | 87.900 mes |
| Vixilante | 87.900 mes |
| Limpadora (por horas) | 350 hora |
| Mozos de 16 e 17 anos | Salario segundo idade |